

Táboas actualizadas a xaneiro de 2022

RETRIBUCIÓN BÁSICAS				
	Grupo A2		Grupo A1	
	Mestres nivel 21	PTFP nivel 24	PES nivel 24	Cátedras nivel 26
Salario	€ 1.071,06	€ 1.071,06	€ 1.238,68	€ 1.238,68
Complemento de destino	€ 528,70	€ 651,06	€ 651,06	€ 779,83
Complemento específico	€ 695,82	€ 695,82	€ 695,82	€ 751,66
Titoría e outras función docentes	€ 48,73	€ 48,73	€ 48,73	€ 48,73
TOTAL	€ 2.344,31	€ 2.466,67	€ 2.634,29	€ 2.818,90
Trienios	€ 38,88	€ 38,88	€ 47,67	€ 47,67
IPC galego: representa o 0,3784%, das retribucións brutas de cada persoa perceptora				
CARGOS				
Tipoloxía de centro	A	B	C	D
Centros de Educación Infantil, Primaria e Educación Especial				
Dirección	€ 581,12	€ 526,03	€ 380,70	€ 281,48
Vicedirección, Xefatura de Estudos, Secretaría	€ 202,20	€ 190,00	€ 183,91	€ 135,12
Xefatura do departamento de Orientación, Coordinación ENDL, CRA, responsábel de centros de menos de 3 unidades				€ 74,11
Centros de Educación Secundaria, FP e de ensinanzas de réxime especial				
Dirección	€ 709,07	€ 610,76	€ 552,88	€ 500,52
O complemento de dirección é o único parcialmente consolidábel en función do tempo de permanencia no cargo: 4 anos: 25%. 8 anos: 15%. 12 anos: 20%. Consolidación máxima: 60%				
Vicedirección, Xefatura de Estudos, Secretaría	€ 311,94	€ 305,89	€ 220,48	€ 190,00
Xefatura de departamento, coordinacións, ENDL, EPAPU.				€ 74,11
Complemento mestres ESO				€ 122,36
Outros postos de traballo				
Membro dun Equipo de Orientación Específico				€ 311,94
CAFI- CEFORES. Dirección				€ 610,76
CAFI- CEFORES. Asesoría				€ 311,94
SEXENIOS				
1º sexenio	2º sexenio	3º sexenio	4º sexenio	4º sexenio
€ 66,14	€ 85,03	€ 113,39	€ 160,61	€ 47,23
PAGAS EXTRAORDINARIAS				
A paga extra componse do salario base recortado (Grupo A2: 781,15€ e grupo A1 : 764,37€), os trienios recortados (Grupo A2: 28,35€ e grupo A1 : 29,43€) e o resto dos conceptos retributivos completos (destino, específico, titoría, cargos).				
DESCONTOS				
CONCEPTO	GRUPO A1	GRUPO A2		
Pasivos	€ 115,17	€ 90,64	Funcionariado de carreira até 2010	
Muface	€ 50,42	€ 39,69	Funcionariado de carreira	
Cota obreira	Segundo base de cotización. Persoal interino e funcionariado de carreira desde 2011			
Retencións IRPF	Segundo retribucións anuais e situación persoal			
Nas nóminas de xuño e decembro, nas que se inclúen as extras, a cota de Pasivos e Muface é dupla.				

Datos extraídos da ORDE do 19 de xaneiro de 2022 pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2022 (DOG do 20 de xaneiro de 2022)

2022: perda superior ao 15% de poder adquisitivo e suba salarial do 2%



Un 15,44% de perda do valor do que cobramos. Esa é a realidade que arrojan as cifras dos nosos salarios, os de todas e todos os empregados públicos do conxunto do Estado, desde o comezo dos recortes do ano 2010. Polo medio tivemos en Madrid gobernos do PSOE (Zapatero), PP (Rajoy) e PSOE-UP (Sánchez), cun elemento en común: recortaban ou conxelaban salarios ou as subas eran absolutamente insuficientes para podermos recuperar o que nos roubaran previamente. Estes últimos incrementos contaron, como vén sendo habitual, co apoio entusiasta e inexplicable do trío sindical de cabeceira para todos os gobernos españois (CCOO, UGT, CSIF). Algún deses sindicatos veñen a queixarse tres anos despois de que as subas que pactaron foron insuficientes. Sobra calquera outro comentario.

Durante ese período de tempo, sufrimos a nivel galego os efectos de varios gobernos, todos do PP e con Feijóo á fronte. O presidente da Xunta foi, sen dúbida, o máis incisivo dos gobernantes á hora de meter a man no peto dos e das empregadas públicas. A día de hoxe, Galiza é a única comunidade que non pactou a devolución das pagas extras recortadas entre o 2012 e o 2016. Esta tallada, que implicou a eliminación

do complemento específico das nosas extras durante eses anos implicou unha perda dunha media de 6.300€ para cada docente. A CIG-Ensino puxo enriba da mesa en cada negociación retributiva a condición necesaria de devolver eses cartos.

Evolución IPC-Salarios 2010-21			
ANO	IPC ESTADO	VARIACIÓN	PODER ADQUISITIVO
2010	3,00	-5,00	-8,00
2011	2,40	0,00	-2,40
2012	2,90	0,00	-2,90
2013	0,30	0,00	-0,30
2014	-1,00	0,00	1,00
2015	0,00	0,00	0,00
2016	1,60	1,00	-0,60
2017	1,10	1,00	-0,10
2018	1,20	1,75	0,55
2019	0,80	2,50	1,70
2020	-0,50	2,00	2,50
2021	6,50	0,90	-5,60
2010 - 2022	19,46	4,02	-15,44

Fonte dos datos:
IPC interanual até 2021 (mes de decembro): INE

Un 2% de suba que aumentará a rebaixa efectiva da nosa calidade de vida

Na suba aprobada para o 2022 o Goberno español parte dun engano e dunha inxustiza. O engano é afirmar que sobe esa porcentaxe porque considera que o IPC vai subir o 1,5% neste ano. Ninguén cre esa mentira. A inxustiza é non ter en conta o que levamos perdido, xa non desde o 2010 senón, como mínimo, neste 2021, no que nos subiron o 0.9% (porque afirmaron que esa ía ser a suba do IPC !!) cando o ano pechou cunha suba a nivel do estado do 6,5% (en Galiza a suba subiu ao 6,7%).

A cláusula de revisión salarial, a única garantía

A negativa de todos os gobernos, español e galego, de aceptar a proposta da CIG-Ensino de incluír unha cláusula de revisión salarial que recolla unha paga a final de ano coa diferenza entre a suba do IPC previsto e o IPC real provoca finalmente que

A Xunta de Galiza vén de publicar a orde de confección de nóminas para o ano 2022, recollendo a suba imposta desde Madrid e que Feijóo decidiu non mellorar

os nosos salarios cada vez teñan un menor valor.

Só tendo en conta a desviación no IPC deste ano pasado, a aplicación desa revisión para non perdermos capacidade adquisitiva implicaría unha suba dun diferencial do 5,6%.

Feijóo, o gobernante máis aplicado nos recortes

Galiza mantense como o único goberno autonómico que non pactou a devolución dos cartos das pagas extras dos anos 2013, 2014, 2015 e 2016 ás empregadas e empregados públicos. A maioría das demais CC.AA. non chegaron a aplicar eses recortes a partir de 2013 e as que si o fixeron xa chegaron a acordos para a devolución gradual das pagas extras recortadas.

Eses recortes, segundo cálculos da CIG-Ensino, suporían unha media lineal de 6.300€ que habería que restituír a todo o profesorado galego.

En casos de docentes con moita antigüidade, cargos directivos, etc, a cifra dispárase.



AFÍLIATE

INFÓRMATE DOS TEUS DEREITOS

RECORTES ANUAIS NAS PAGAS EXTRAS (PROFESORADO CON 3 TRIENIOS). ANO 2022

	Soldo mensual ordinario	Soldo na paga extra	Diferenza en cada extra	Recorte anual soldo	Recorte anual nas extras
GRUPO A1	1.238,68 €	764,37 €	474,31 €	948,62 €	1.058,06 €
	Trienio ordinario	Trienio nas pagas extras	Recorte por trienio na extra	Recorte anual nos trienios	
	47,67 €	29,43 €	54,72 €	109,44 €	
GRUPO A2	Soldo mensual ordinario	Soldo na paga extra	Diferenza en cada extra	Recorte anual soldo	Recorte anual nas extras
	1.071,06 €	781,15 €	289,91 €	579,82 €	643,00 €
	Trienio ordinario	Trienio nas pagas extras	Recorte por trienio na extra	Recorte anual nos trienios	
38,88 €	28,35 €	31,59 €	63,18 €		

Exemplo para o caso de profesorado con 3 trienios no curso escolar 2022/23.

No caso de persoal docente cun trienio o recorte nas extras implicaría unha redución de **985,10€** no grupo A1 e de **600,88€** no A2.

No caso de persoal docente con 10 trienios o o recorte nas extras implicaría unha redución de **1.313,42 €** no grupo A1 e de **790,42€** no A2.

O goberno español mantén o recorte nas pagas extras

O goberno do Estado manterá no 2022 as pagas extras recortadas en dous conceptos da súa competencia: o salario base e os trienios. Este recorte que mantén por 13º ano consecutivo, foi aplicado polo PSOE no ano 2010, mantívose co PP durante os anos seguintes e agora permanece co goberno de coalición PSOE-UP por segundo ano consecutivo.

Polo tanto, e partindo dun dato medio de profesorado con 3 trienios (sen ter en conta

o cumprimento de trienios e conseguinte actualización desde o ano 2010) temos unha contía promedio de 13.754,78€ nos corpos do grupo A1 e de 8.359€ nos corpos do grupo A2 no conxunto dos 13 anos desde 2010, exclusivamente no concepto de paga extra.

Por tanto, analizando o que os gobernos español e galego nos roubaron soamente das pagas extras desde o ano 2010 (parte que depende do Estado no salario e trienios) e desde o 2013 (complemento específico), atopámonos cunha perda media lineal en 2022 de 20.054,78€ no grupo A1 e de 14.859€ no grupo A2.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal